

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES**  
**PROCEDIMIENTO ABERTO**  
**ADXUDICACIÓN POR CONCURSO**

**(REF.: CONCURSO 10/07)**

**INDICE**

**1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO**

**2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS**

**2.1.- Disposicións Xerais.**

- 2.1.1.- Obxecto do contrato.
- 2.1.2.- Prezo do contrato.
- 2.1.3.- Prazo de entrega das subministracións.
- 2.1.4.- Prazo de garantía.

**2.2.- Condicións especiais de licitación.**

- 2.2.1.- Licitadores.
- 2.2.2.- Solvencia.
- 2.2.3.- Garantía provisional.
- 2.2.4.- Presentación de proposicións.
- 2.2.5.- Contido das proposicións.
  - 2.2.5.1.- Sobre Nº 1: Documentación Xeral
  - 2.2.5.2.- Sobre Nº 2: Referencias Técnicas
  - 2.2.5.3.- Sobre Nº 3: Proposición Económica.
- 2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.
  - 2.2.6.1.- Criterios básicos.
- 2.2.7.- Proposta de adxudicación.
- 2.2.8.- Efectos da Proposta de adxudicación.
- 2.2.9.- Adxudicación.

**2.3.- Formalización do contrato.**

- 2.3.1.- Documentación.
- 2.3.2.- Garantía definitiva.
- 2.3.3.- Documento de formalización.

**2.4.- Dereitos e obrigas das partes.**

- 2.4.1.- Entrega e recepción.
- 2.4.2.- Aboamentos ó adxudicatario.
- 2.4.3.- Gastos esixibles ó contratista.
- 2.4.4.- Impostos.
- 2.4.5.- Revisión de prezos.

**3.- ANEXOS:**

- Anexo 1**
- Anexo 2**
- Anexo 3**

**Cadro de Características da Contratación**

## **1.- XUSTIFICACIÓN DO CONCURSO.**

O emprego do concurso polo procedemento aberto xustifícase coa obriga de materializar o cumprimento dos principios de publicidade, concorrència e obxectividade da Lei 10/1996, do 5 de novembro.

## **2.- CONDICIÓNS XURÍDICAS.**

### **2.1. DISPOSICIÓNS XERAIS.**

#### **2.1.1.- Obxecto do contrato.**

O obxecto deste contrato, segundo a descrición que deste se efectúa no Prego de Condicións Técnicas, é o seguinte: **“Subministro de enerxía eléctrica para o Edificio do CESGA na Avda. de Vigo s/n en Santiago de Compostela”**.

NA PROPOSTA OFERTARÁSE INEXCUSABLEMENTE UNHA SOLUCIÓN BASE QUE SE AXUSTARÁ NECESARIAMENTE Ó PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES E Ó PRAZO DE EXECUCIÓN DEFINIDO NO CADRO DE CARACTERÍSTICAS.

Poderán presentarse, ademais, cando así se estableza no cadro de características, unha variante ou alternativa. O Prego de Condicións Técnicas, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan, e se estimen de interese polo órgano de contratación, estarán a disposición dos concursantes, para o seu exame durante o prazo de presentación de proposicións.

#### **2.1.2.- Prezo do contrato.**

O prezo do contrato será o que resulte da aplicación dos prezos por unidade de consumo ofertados e o consumo real efectuado

Entenderáse que os prezos ofertados inclúen todo tipo de impostos, incluíndo o Imposto sobre o Valor Engadido, sempre referido ó tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

#### **2.1.3.- Prazo de entrega das subministracións.**

O prazo de entrega das subministracións é o establecido no Cadro de Características, que comezará a contar a partir do día seguinte ó da sinatura do contrato. Os prazos parciais, se é o caso, serán os que se fixen no programa de subministracións en consonancia coa oferta do adxudicatario, dentro do prazo de execución referido.

#### **2.1.4.- Prazo de garantía.**

O prazo de garantía das subministracións será o establecido no Cadro de Características, computándose a partir da data da subscrición da acta de recepción destas.

## **2.2.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE LICITACIÓN.**

### **2.2.1.- Licitadores.**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

A proba por parte dos empresarios da súa capacidade para contratar coas sociedades e fundacións públicas poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A proba de capacidade das empresas efectuarase mediante escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixido pola lexislación mercantil aplicable. De non ser así, a acreditación da capacidade realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional inscritos, de ser o caso, no Rexistro oficial correspondente.

Os empresarios non españois, de estados membros da Unión Europea, deberán acreditar a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios deberán acreditar a súa capacidade cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular. As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta a licitación, acreditarán todas a súa capacidade de obrar, sen que sexa necesaria a formalización da unión de empresarios ata que se efectúe a adxudicación ó seu favor.

Os empresarios quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

#### **2.2.2.- Solvencia.**

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante do seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Presentacións de contas anuais ou extracto das mesmas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións e servizos realizados nos últimos tres anos.
- Calquera outra referencia que poida ser considerada suficiente polo órgano de contratación.

A solvencia técnica do empresario poderá ser xustificada por calquera dos medios seguintes:

- Pola relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos.
- Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegurar a calidade e os medios de estudo e investigación da empresa.
- Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas participantes no contrato, así como grao de estabilidade do persoal integrado na empresa.
- Mostras, descricións e fotografía dos produtos a subministrar.
- Certificacións establecidas polos institutos ou servizos oficiais ou homologados encargados do control de calidade.

#### **2.2.3.- Garantía provisional.**

Para optar á adxudicación do contrato, os licitadores deberán acreditar a constitución previa da garantía provisional, polo importe que figura no Cadro de Características.

A garantía provisional poderá ser dispensada se así se fai constar no Cadro Resumo de Características, cando a contía do contrato sexa inferior á que determina a publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas.

Así mesmo eximirase da prestación da garantía provisional aos licitadores que constituísen a garantía global. A garantía global é aquela que se constitúe polo contratista con referencia a tódolos contratos que se celebren coa sociedade ou fundación pública sen especificación singular para cada contrato.

#### **2.2.4.- Presentación de proposicións.**

As proposicións presentaranse no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio publicado ou enviaranse por correo dentro do prazo de admisión indicado, xustificando a data de imposición do envío anunciándoo ao órgano de contratación mediante télex ou telegrama no mesmo día.

#### **2.2.5.- Contido das proposicións.**

As proposicións constarán de tres (3) sobres pechados e asinados polo concursante ou persoa que o represente, e en cada un deles farase constar, o seu respectivo contido, o nome do licitador e o obxecto da subministración. A presentación de proposicións presume, por parte do empresario, a aceptación incondicionada das Condicións deste Prego.

#### **2.2.5.1.- Sobre número 1**

##### ***TÍTULO: DOCUMENTACIÓN XERAL***

##### **CONTIDO:**

##### **I) Solvencia económica , financeira, e técnica.**

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica poderán acreditarse por calquera dos medios previstos nos parágrafos anteriores.

##### **II) Presentará ademáis a documentación seguinte:**

- a) ANEXO 1 debidamente cumplimentado.
- b) Documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario, mediante a presentación (se a empresa fose persoa xurídica) da escritura de constitución ou modificación, se é o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.  
  
Se non o fose, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución e de modificación, se é o caso, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.
- c) No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente.
- d) Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á sociedade ou fundación pública.
- e) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acreditar a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da devandita representación. Así mesmo, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do D.N.I. da persoa que asine a proposición económica.
- f) Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar coas sociedades e fundacións públicas.

Non poderán contratar con éstas as persoas físicas ou xurídicas:

- Que se atopen en estado de creba, de liquidación, de cesamento de actividades, de intervención xudicial ou de concurso de acredores, ou en calquera situación análoga a resultas dun procedemento da mesma natureza.
- Que sexan obxecto dun procedemento de declaración de creba, liquidación, intervención xudicial, de concurso de acredores ou de calquera outro procedemento de natureza análoga.
- Que sexan condenadas por sentenza firme por calquera delito que afecte á súa moralidade profesional.

- Que cometesen unha falla grave en materia profesional, que poida ser comprobada por algún medio xustificable.
- Que non estean ao corrente nas súas obrigas realtivas ao pago de impostos e gravames segundo as disposicións legais vixentes.
- Que se consideren culpables de facer declaracións falsas ao proporcionar a documentación esixida no procedemento.
- Que sexan sancionadas por infracción grave en materia de disciplina de mercado.
- Que se atopen incursas nalgún dos supostos, previstos na legislación vixente, de incompatibilidades de altos cargos, cargos electos e persoal ao servizo das Administracións Públicas.

A dita declaración comprenderá expresamente, a circunstancia de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, de atoparse ao corrente no pagamento do Imposto de Actividades Económicas (IAE), e de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.

Non obstante, poderán presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá a súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atopasen caducados, para o que deberán presentar a oportuna renovación destes.

- g)** Documentos acreditativos establecidos pola Lei do Sector Eléctrico (Lei 54/97) de estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.
- h)** As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación, expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forman parte dos órganos de goberno ou administración destas, persoa ningunha ás que se refire a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta e da Administración, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas e a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. A dita prohibición alcanza igualmente aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior, sempre que, respecto dos últimos, as ditas persoas ostenten a súa representación legal.
- i)** Documento xustificativo de ter constituída a garantía provisional indicada na cláusula 2.2.3., agás que estea dispensado desta obriga.
- j)** No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea que non estean clasificados, será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos.

Os contratistas non españois, de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións correspondentes.

- k)** Os contratistas de Estados non membros da Comunidade Europea e dos asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a presentación dos seguintes documentos:
  - Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe da representación diplomática española sobre a condición de estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

**III) De atoparse o licitador inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, estarase ao disposto no Decreto 199/ 1995, do 10 de maio, modificado polos Decretos 285/ 1995, do 5 de outubro e 480/ 1996, do 31 de outubro, polo que se regula o dito rexistro.**

Así mesmo estarase ao disposto na Orde do 9 de decembro de 1996 pola que se modifica a do 23 de outubro de 1995 de desenvolvemento do Decreto 199/1995.

### **2.2.5.2 Sobre número 2**

#### ***TÍTULO: DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.***

- Xustificación dos prazos de entrega nos que o licitador se compromete a efectuar a subministración dos bens ou servizos desde que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos persoais e materiais para a realización da subministración.
- Catálogos, descrições, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación das subministracións ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións Técnicas.
- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo órgano de contratación.

### **2.2.5.3 Sobre número 3**

#### ***TÍTULO: PROPOSICIÓN ECONÓMICA.***

Neste sobre figurará a proposición económica formulada polo licitador segundo os formatos do ANEXO 2 e ANEXO 3.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borrachos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

### **2.2.6.- Constitución e funcionamento da Comisión de Selección.**

A Comisión de Selección examinará previamente a documentación xeral (sobre 1) correspondente ós licitadores e se como resultado da calificación dos documentos a Comisión de Selección observa defectos materiais susceptibles de enmendar, procederá á súa notificación por fax ou telegrama ao interesado, concedendo o prazo que corresponda para a súa enmenda.

No día e hora sinalados no anuncio de licitación, abriránse os sobre N° 2 e N° 3.

#### **2.2.6.1.- Criterios básicos.**

- a) Para a valoración das proposicións, a Comisión de Selección poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta un baremo de puntuación baseado en criterios obxectivos. O órgano de contratación establecerá as puntuacións que como mínimo deberán acadarse para ser consideradas pola Comisión de Selección aos efectos da adxudicación.

- b) O concurso seralle adxudicado a algunha das empresas licitadoras, valorándose a mellor relación entre a oferta económica e calidade da proposta realizada. En todo caso, a resolución deberá ser motivada. Quedarán excluídas do cómputo as empresas que fagan unha proposición cunha porcentaxe de baixa que sexa susceptible de ser considerada temeraria polo órgano de contratación. Nembargantes, o órgano de contratación poderá, logo dos informes axeitados e da audiencia do adxudicatario, adxudicarlle o contrato a algunha das empresas que de acordo co exposto deberían quedar excluídas. Cando a adxudicación se realice a favor dalgunha daquelas empresas esixiráselle unha garantía definitiva superior á esixida nos demais casos.
- c) Non obstante o anterior, e sempre antes da apertura da oferta económica, o órgano de contratación, por proposta da Comisión de Selección, poderá non considerar as ofertas presentadas por aquelas empresas nas que, aínda acadando a puntuación esixida, se aprecien causas, debidamente motivadas no expediente, que xustifiquen a súa exclusión.

### **2.2.7.- Proposta de adxudicación.**

A Comisión de Selección, en aplicación dos criterios anteriores e á vista dos informes técnicos que considere oportunos elevará ao Órgano de Contratación a proposta pertinente que incluírá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados no presente Prego.

No suposto de non terse presentado no Sobre Nº 1 de Documentación Xeral, aos que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, esixiráselles antes da adxudicación:

- Certificación acreditativa de atoparse ó día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas de Seguridade Social.
- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto de actividades económicas.

No caso de que na data de formalización do contrato os ditos certificados se atoparan caducados será preciso presentar a oportuna renovación destes.

Se a empresa estivese inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, o certificado expedido por éste surtirá plenos efectos en relación ao indicado no parágrafo anterior.

### **2.2.8.- Efectos da Proposta de adxudicación.**

A proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do proponente, que non o adquirirá, respecto da sociedade ou fundación pública, mentres o concurso non se adxudicase na forma establecida no apartado seguinte.

### **2.2.9.- Adxudicación.**

Á vista da proposta elevada pola Comisión de Selección, o Órgano de Contratación no prazo de 3 meses a partir da data de apertura das proposicións, salvo que se estableza outro prazo no Cadro Resumo de Características, procederá á adxudicación do contrato, sen prexuízo de motiva-la súa decisión no caso de que esta se aparte da proposta da Comisión.

## **2.3.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

### **2.3.1.- Documentación.**

Antes da formalización do contrato, o adxudicatario deberá achegar ante o Órgano de Contratación, e sempre que ésta non estivese incluída na presentada para a licitación, a seguinte documentación:

1. Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva.
2. Orixinal ou copia debidamente autenticadas do poder notarial e do D.N.I. da persoa facultada para a sinatura do contrato.
3. Xustificante do pagamento dos anuncios publicados.
4. No caso de empresas agrupadas, deberán acreditar ademais ante o órgano de contratación, caso de adxudicación das subministracións, a constitución da agrupación e mailo C.I.F. desta.

### **2.3.2.- Garantía definitiva.**

O adxudicatario está obrigado a constituir a garantía definitiva no prazo de 15 días desde que se lle notifique a adxudicación polo importe establecido no Cadro de características do contrato.

No suposto de existencia de garantía global esta responderá do cumprimento do adxudicatario das obrigas derivadas do contrato, do mesmo xeito que a garantía definitiva.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días contados dende a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da súa modificación.

No caso de que o órgano de contratación acorde o establecemento dunha **garantía adicional**, así se fará constar no Cadro de Características que se inclúe con este Prego.

No suposto de que se estableza o sistema de garantía complementaria farase constar no Cadro de Características.

### **2.3.3.- Documento de formalización.**

O adxudicatario queda obrigado á formalización do correspondente contrato dentro do prazo de trinta (30) días naturais, contados desde o seguinte á data de notificación da adxudicación.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

O Prego de Condicións Técnicas revestirá carácter contractual polo que deberá ser asinado, en proba de conformidade polo adxudicatario, simultaneamente á formalización do contrato.

## **2.4.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES**

### **2.4.1.- Entrega e recepción.**

O contratista estará obrigado a entregar os bens ou servizos obxecto da subministración que se determinen en función das necesidades da sociedade ou fundación pública. A subministración efectuarase no lugar sinalado a tal efecto no contrato.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que puidesen xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á entidade contratante, segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ao recibilos.

O acto formal de recepción dos bens ou servizos materializarase, dentro do mes seguinte á comunicación do adxudicatario de finalizar a entrega completa, pola entidade contratante previa comprobación polos medios que considere oportunos, da efectiva subministración dos bens ou servizos de que se trate.

### **2.4.2.- Aboamentos ao adxudicatario.**



O adxudicatario terá dereito ao aboamento do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola sociedade ou fundación pública de acordo coas condicións establecidas no apartado anterior.

#### **2.4.3.- Gastos esixibles ao contratista.**

Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios da licitación e adxudicación, da formalización do contrato, e calquera outros gastos aos que houbera lugar para a formalización ou execución do contrato.

#### **2.4.4.- Impostos.**

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a tódolos efectos, os impostos de calquera índole que graven os diversos conceptos, incluído o imposto de valor engadido, sen que polo tanto, poidan ser estes presentados como partidas independentes.

#### **2.4.5.- Revisión de prezos.**

Aoo obxecto deste contrato non lle é de aplicación a revisión de prezos durante o período do contrato. Caso de prórroga, atérase o establecido no Cadro de Características.

# **ANEXOS**

## ANEXO 1.

### MODELO DE PARTICIPACIÓN

CONCURSO: 10/07

OBJETO: “Subministro de enerxía eléctrica do edificio CESGA”

D. .... con D.N.I. nº ....., domiciliado en.....  
(poboación ....., rua ou praza ..... Teléfono, .....  
como.....(propietario, apoderado,....., etc.) da firma comercial .....

(A.- A CUBRIR SI SE TRATA DE EMPRESA INDIVIDUAL)

Nome e apelidos do representado:

Domicilio:

N.I.F.:

Fax de contacto:

Enderezo de contacto E-mail :

Teléfono de contacto :

(B.- A CUBRIR SI SE TRATA DE PERSOA XURÍDICA)

Nome da razón social:

Clase de sociedade:

Domicilio da sede social:

N.I.F.:

Fax de contacto:

Enderezo de contacto E-mail:

Teléfono de contacto:

Manifesta o seu interese en participar no procedemento arriba indicado convocado pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia dando previamente a súa conformidade a todas e cada unha das cláusulas contidas no Prego de cláusulas administrativas particulares e no Prego de condicións técnicas particulares.

A tal efecto acompañanse os sobres N°1: “DOCUMENTACIÓN XERAL”, N°2 “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA” e N° 3 “PROPOSICIÓN ECONÓMICA”

#### ÍNDICE DOS DOCUMENTOS CONTIDOS NO SOBRE N° 1

- 
- 
- 
- 

(firma e selo da Empresa)

SR. PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA.

## ANEXO 2

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

#### 1.- PREZO DO SUBMINISTRO:

O prezo da enerxía eléctrica subministrada é ----- **Céntimos de € /kwh**, incluídos tódolos conceptos especialmente o IVE.

A tarifa de acceso aplicada é a correspondente ao nivel de tensión do cliente e responde, no seu carácter de concepto regulado, aos termos vixentes na data de contratación. As variacións dos conceptos regulados que puidesen aprobarse pola Administración dentro do período de vixencia do presente contrato, serán trasladadas aos prezos contratados, na medida que lles resulten de aplicación.

#### 2.- COMPLEMENTO POR VOLUMEN DE CONSUMO:

O prezo indicado é o resultado de valorar un volume de consumo anual de 7 GWh.

En caso de que o consumo real sexa distinto do valorado nunha contía igual ou superior ao 10 %, aplicarase sobre o prezo un complemento que dependerá da porcentaxe de variación do consumo real sobre o consumo valorado segundo a seguinte táboa:

Porcentaxe de Variación	Complemento (Céntimos de € / Kwh)
<b>% &gt;= 50</b>	
<b>40 &lt;= % &lt; 50</b>	
<b>30 &lt;= % &lt; 40</b>	
<b>20 &lt;= % &lt; 30</b>	
<b>10 &lt;= % &lt;20</b>	
<b>-20% &lt;= -10%</b>	
<b>-30% &lt;= -20%</b>	
<b>-40% &lt;= -30%</b>	
<b>-50% &lt;= -40%</b>	

Este complemento facturarase á finalización do contrato, aplicándose sobre o total do consumo real.

### **3.- EQUIPOS DE MEDIDA**

ALUGADO AO PROVEEDOR

PRECIO/MES: ..... €.

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de .....

O LICITADOR

Fdo.: D.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA.

### ANEXO 3

#### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA RESUMIDO

Don ....., con domicilio en .....,  
provincia de ....., rúa ..... número ..... e D.N.I. número .....,  
en nome (propio)(ou da Empresa que representa) .....,  
con C.I.F. ...., enterado do anuncio publicado no .....  
do día ..... de ..... de ..... e das condicións e requisitos que se esixen para a  
adxudicación do contrato de subministracións de ..... provincia  
de ..... comprométese a tomar ao seu cargo a execución dos mesmos, con estricta  
suxeición aos expresados requisitos e condicións, pola cantidade que se enumera de seguido:

**PRAZO EXECUCIÓN**

**CANTIDADE EN LETRA**

**NUMERO**

.....

.....

.....

A tódolos efectos, a presente oferta comprende non só prezo do contrato como tal, senón tamén do Imposto sobre o Valor Engadido, a teor do disposto na lexislación vixente.

En ....., a ..... de ..... de 20....  
(Data e Sinatura do proponente)

SR. PRESIDENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA.

## **CADRO DE CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN**

### **1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

**Servizo ou Departamento:** Dirección - Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

### **2. REFERENCIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN:**

**CONCURSO: 10/07**

### **3. FORMA DE ADXUDICACIÓN E PREGO POLO QUE SE REXE:**

3.1. Procedemento:

**Aberto**

3.2. Forma de adxudicación:

**Concurso**

3.3. Tramitación:

**Ordinaria**

### **4. OBXECTO DO CONTRATO:**

Subministración de enerxía eléctrica para o edificio do CESGA na Avda. de Vigo s/n (Campus Sur) en Santiago de Compostela.

### **5. VARIANTES:**

5.1. Admite variantes:

**Sí**

5.2. Número:

**1**

5.3. Procede delimitar as variantes:

**Sí**

En caso afirmativo, indicar sobre que elementos e en que condicións:

**Opcións de contratación e/ou prestación de servizos e produtos complementarios.**

### **6. PRAZO DE EXECUCIÓN**

6.1. Prazo de execución

6.1.1. Data a partir da cal entra en vigor o contrato:

**Máximo 30 días despois da data de adxudicación.**

6.1.2. Duración do contrato:

**Un (1) ano.**

6.2. Prazo de entrega: **30 días a partir da data de adxudicación.**

## 7. PRÓRROGA: O PRESENTE PREGO

Poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes, antes de finalizar o contrato, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de dous anos, nin estas poidan ser concertadas illada ou xuntamente por un prazo superior ao fixado orixinariamente (ou por un período que non exceda a metade do contrato inmediatamente anterior, cando este sexa de arrendamento), podendo, no seu caso, actualizar o prezo do contrato ao inicio de cada prórroga de acordo coa seguinte fórmula ou índice de actualización: Índice de Prezos ó Consumo (IPC), Conxunto Nacional Total, que elabora o Instituto Nacional de Estatística (INE), correspondente ao último período publicado polo INE á data en que se acorde a prórroga, salvo que ambas partes acordaran un importe menor. Catro (4) meses antes da finalización do contrato, calquera das partes poderá renunciar á prórroga, informando por escrito á outra parte.

## 8. PREZO UNITARIO-ORZAMENTO:

Prezo máximo unitario, incluídos todo tipo de impostos: 9 céntimos de € kw/hora.

## 9. GARANTÍA PROVISIONAL:

9.1. Constitución de garantía provisional:

**NON**

9.2. Importe total da garantía provisional:

9.3. Importe da garantía provisional por lotes:

## 10. GARANTÍA DEFINITIVA:

10.1. Constitución de garantía definitiva:

**Sí**

10.2. Importe total da garantía definitiva:

**4% importe de licitación estimado.**

**Cando a adxudicación se realice dunha oferta incursa inicialmente en presunción de temeridade, deberá constituirse unha garantía definitiva polo 20% do importe do contrato adxudicado. Dita garantía substituirá a do 4% indicada anteriormente.**

## 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

11.1. Relación de criterios de adxudicación: Número de puntos

**1.- Ata 70 puntos polo prezo do kw/h, outorgando 70 puntos á mellor oferta e un punto menos por cada centésima de céntimo de euro de diferenza ás restantes.**

**2.- Ata 20 puntos por outros conceptos económicos que inflúen no prezo final do servizo:**

- **Complementos por volumen de consumo. (19 PUNTOS)**
- **Alquiler de equipo de medida. (1 PUNTO)**

**3.- Ata 10 puntos en función dos servizos e produtos complementarios ofertados non exixidos no prego de condicións:**

- **Auditorías enerxéticas: de instalacións de produción e consumo enerxético. (3 PUNTOS)**



- **Servizos técnicos: asesoramento e formación no mantemento das instalacións enerxéticas, especialmente o Centro de Transformación do CESGA. (1 PUNTO)**
- **Asesoreamento sobre axudas, subvencións ou actividades de promoción nos campos de aforro, eficiencia enerxética e enerxías renovables. (2 PUNTOS)**
- **Información sobre a curva de consumo de días tipo (laborais, festivos, etc) para os diferentes meses do ano. (1 PUNTOS)**
- **Disminución do prazo de entrega ( 3 PUNTOS)**

11.2. Criterio de oferta desproporcionada ou temeraria:

**Cando a desviación á baixa da oferta proposta como adxudicataria, en relación coa oferta media, entendendo como tal a media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas ofertas presentadas, se considere anormalmente baixa.**

## **12. PRAZO DE GARANTÍA**

12.1. Procede definir prazo de garantía:

**Non**

12.2. En caso positivo, indicar prazo de garantía:

## **13. LUGAR DE ENTREGA:**

**Edificio CESGA, Avda. de Vigo s/n (Campus Universitario Sur) en Santiago de Compostela.**

## **14. RÉXIME DE PAGAMENTO:**

**O pagamento do prezo efectuarase, previa presentación de factura, por períodos mensuais vencidos, dentro dos dous meses seguintes á recepción dos subministros polo órgano destinatario do mesmo.**

## **15. SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA:**

**Criterios de acreditación: Incluído no Prego de Condicións Administrativas.**

## **16. OUTRAS OBSERVACIÓNS ESPECÍFICAS SOBRE O EXPEDIENTE DE REFERENCIA:**

## **17. LUGAR, DATA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS:**

**FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (Fundación CESGA)**

**Avda. de Vigo s/n (Campus Universitario Sur)**

**15705 Santiago de Compostela**

**Prazo: antes das 14:00 horas do 29 de setembro de 2007.**

## **18. APERTURA DOS SOBRES:**

**O 2 de outubro de 2007, ás 10 da mañá, en Avda. de Vigo s/n en Santiago de Compostela, Edificio CESGA.**

## **PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O EDIFICIO CESGA**

### **1.- OBXECTO DO CONTRATO:**

O contrato o que se refire o presente prego ten por obxecto a contratación do Subministro de Enerxía Eléctrica o edificio CESGA na Avda. de Vigo s/n en Santiago de Compostela.

### **2.- CONTRATACIÓN DA ENERXÍA:**

A forma de contratación tanto da enerxía como as tarifas de acceso serán a través dun Comercializador Autorizado.

A Fundación CESGA pretende obter a enerxía eléctrica máis barata contratando o Subministro para o seu Centro, dada a súa condición de “Consumidor Cualificado” para os mesmos a tenor da Ley 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico e do Real Decreto 6/2000 de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

### **3.- VOLUMEN DE CONTRATACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO PUNTO DE SUBMINISTRO :**

O CESGA dispón de información histórica que se facilita no ANEXO I e que pode ser usada como referencia para identificar o perfil de consumo. Os elementos principais cun consumo apreciable son ordenadores que están encendidos as 24 horas do día durante os 365 días do ano.

Actualmente a potencia contratada é en tarifa 6.1 de

P1	P2	P3	P4	P5	P6
260 kW	260 kW	260 kW	260 kW	260 kW	451 kW

Sen embargo, dado que está previsto instalar no centro un gran supercomputador, existe incertidume na potencia real que o Centro vai utilizar. O consumo máximo declarado polo novo ordenador e de 620 kW, e típico de 440 kW. Dado que ademáis do ordenador necesítase equipamento de apoio con necesidades eléctricas apreciables, particularmente o sistema de climatización ( entorno ó 60-70% do consumo do ordenador), estímase que o consumo total no centro a partir da posta en marcha do novo sistema estará preto de 1 MW. Xa foi solicitada a compañía distribuidora na zona a ampliación de potencia para chegar ata o 1.5 MW e estase neste momento a desenvolver a obra necesaria. A posta en marcha dos novos sistemas esta prevista o longo do mes de novembro, aínda que e de prever que durante os dous primeiros meses, o incremento do consumo produciráse de xeito gradual.

Por todo-lo anterior, a potencia contratada que se indica no apartado 7 será a que se utilize de base para o contrato ca compañía comercializadora adxudicataria, aínda que serán tidas en conta melloras no prezo resultantes do posible cambio da potencia contratada durante a vixencia do contrato, sempre e cando a empresa o inclúa na súa oferta e condicionado a que a Fundación Cesga consiga que a compañía distribuidora lle admita o cambio.

#### **4.- CALIDADE E GARANTÍA DO SUBMINISTRO:**

Os Índices de Calidade do Subministro da enerxía eléctrica será o fixado pola regulamentación vixente en cada momento.

Deberáse garantir o Subministro de enerxía demandado durante o período contratado, aínda que defira da cantidade expresada no listado de Consumos por Subministro para os que se pide Oferta.

#### **5.- EQUIPOS DE MEDIDA:**

##### **5.1. Instalación, Mantemento e Verificación:**

A instalación dos equipos de medida realizaráse polo Distribuidor, ao seu cargo, sendo os equipos da súa propiedade.

O mantemento do equipo de medida, liñas e sistemas de comunicación de medidas correrá por conta do Comercializador, sen custo algún para o CESGA.

O Comercializador será o responsable do seu funcionamento e das reparacións que foran necesarias para seu bo funcionamento.

O Comercializador pagará os gastos correspondentes á utilización da liña telefónica instalada para a telemedida.

O adxudicatario do subministro comprométese a realizar, sen custo adicional algun, as verificacións sistemáticas obrigatorias dos equipos de medida que determine o Operador do Sistema, de acordo co artigo 11 del RD 2018/1997 de 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Puntos de Medida dos Consumos e Tránsitos de Enerxía Eléctrica.

##### **5.2. Lectura de consumo e Facturación**

O Comercializador realizará, sen cargo algún adicional, a lectura e validación dos rexistros horarios de consumo, e seu envío ó Operador do Sistema Eléctrico, en cumprimento do previsto no Regulamento de Puntos de Medida.

Os datos para a facturación mensual obteranse de acordo cos datos acumulados no concentrador secundario do sistema de telemedida ás 24 horas do último día do mes, de xeito que se eviten as lecturas visuais dos contadores.

O Comercializador será responsable de transmitir os datos ó Operador do Sistema, para a realización da facturación da enerxía.

Asimesmo o Comercializador facilitará ó CESGA o acceso a ditas medidas, para o seu mellor coñecemento e xestión do consumo.

##### **5.3. Autocontrol e Inspección**

O Comercializador efectuará un riguroso autocontrol sobre a calidade do subministro, resolverá as incidencias do servizo con prontitude, asegurando a súa calidade, e proporcionará ó CESGA a relación de cortes de subministro habidos, de forma que sirva de base para calcular os parámetros de calidade do servizo.

#### **6.- Clasificación dos Contratistas**

O licitador para ser admitido o concurso deberá presentar os documentos acreditativos establecidos pola Lei do sector eléctrico (Ley 54/97) de estar inscrito no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.

**7.- Características do Subministro**

CLIENTE: FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA.

UBICACIÓN:

Avda. de Vigo s/n en Santiago de Compostela

Potencia Contratada: 1050 MW

Tensión: 20 KV

Tarifa de acceso: 6.1

Consumo anual estimado: 7 GWh